



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

IRIXOA

Modificación da ordenanza fiscal nº 1 do imposto sobre bens inmobles (IBI): aprobación definitiva

APROBACIÓN DEFINITIVA MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI)

De acordo co establecido nos arts. 17.4 e 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, procédese á publicación íntegra da ordenanza fiscal nº 1 do imposto sobre bens inmobles (IBI), afectada polo acordo municipal plenario de 29-3-2023 (sen alegacións), que se transcribe literalmente .

Expte. TEdC: 2023/G016/000002

ORDENANZA FISCAL Nº 1 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES (IBI)

Artigo 1. Imposición legal.

De conformidade co previsto no art. 72 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, os tipos de gravame do imposto sobre bens inmobles, aplicables a este municipio, quedan fixados nos termos que se establecen nos artigos seguintes.

Artigo 2. Tipos de gravame.

1. O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza urbana queda fixado no 0,45%.
2. O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable aos bens de natureza rústica queda fixado no 0,45%.

Ademais establécese o coeficiente para a obtención do valor base utilizado para o do cálculo da redución na base imponible de inmobles rústicos con construción no 0,5.

3. O tipo de gravame do imposto sobre bens inmobles aplicable ós bens de características especiais queda fixado no 1,30%.

Artigo 3. Exención e mínimos exentos.

1. En aplicación do art. 62.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais), establécese unha exención deste imposto para os centros sanitarios de titularidade pública mentres permanezan afectos á prestación dos seus servizos específicos. Esta exención deberá solicitarse inicialmente polo titular e, unha vez outorgada, permanecerá mentres non varíen as condicións do centro sanitario.

2. De conformidade co previsto no art. 62.4 do R.D. Legislativo 2/2004 gozarán de exención os seguintes bens inmobles:

- Rústicos: os de cota líquida inferior a 1,00 €
- Urbanos: os de cota líquida inferior a 2,40 €

Artigo 4. Bonificacións.

1. A bonificación establecida no art. 73.1 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, será do 60%.

2. De acordo co establecido no art. 73.2 parágrafo 2.º da citada norma, os bens de referencia gozarán dunha bonificación do 25% durante o prazo adicional de 3 anos; tal bonificación é compatible con calquera outro beneficio fiscal establecido.

3. As vivendas que constitúan a residencia habitual de familias numerosas gozarán dunha bonificación na cota íntegra do imposto, de acordo coas seguintes categorías:

- Xeral: bonificación do 50% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas con esta categoría.
- Especial: bonificación do 75% para aqueles suxeitos pasivos titulares de familias numerosas con esta categoría.

Aos efectos de clasificación na categoría xeral ou especial anterior, estarase ao disposto na Lei 40/2003, do 18 de novembro, de Protección ás Familias Numerosas. Terá a consideración de vivenda habitual a que figure como residencia no padrón municipal. Os suxeitos pasivos do imposto deberán presentar xunto coa solicitude de bonificación os documentos oficiais acreditativos da súa condición de familia numerosa e da residencia habitual na vivenda.

4. Gozarán dunha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto, aqueles inmobles nos que estean ubicadas unicamente construcións nas que se desenvolvan total e exclusivamente actividades agrarias e gandeiras pertencentes ao sector primario, que sean declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico-artísticas ou de fomento do emprego, que xustifiquen tal declaración. No suposto que nun mesmo inmovible existan, ademais das construcións indicadas no paragrafo anterior, outras construcións destinadas a un uso distinto das actividades agrarias ou gandeiras, aplicaráselle unha bonificación do 50 por cento da cota íntegra do imposto. Corresponderá ao Pleno da Corporación a declaración de especial interese ou de utilidade municipal, previa solicitude dos suxeitos pasivos, debendo contar co voto favorable da maioría simple dos seus membros. A bonificación terá carácter rogado, debendo ser presentada polo suxeito pasivo, e surtirá efectos a partir do período impositivo seguinte ao da solicitude, se tivese resolución favorable. Para poder gozar desta bonificación, os interesados deberán presentar a seguinte documentación:

- Certificado de Facenda no que conste a situación censal do titular da actividade, que pode coincidir ou non co suxeito pasivo.
- Acreditación da titularidade catastral do inmovible.
- Certificado de que o suxeito pasivo non ten débedas coas facendas estatal, autonómica e local; así como coa Seguridade Social.
- Xustificante do recoñecemento de explotación ou licenza da actividade correspondente.

O concello realizará de oficio todas as actuacións precisas para a comprobación dos extremos expostos ao respecto desta bonificación. Os obrigados tributarios deberán comunicar no concello calquera modificación relevante das condicións ou requisitos esixibles para a aplicación do beneficio fiscal. O Pleno poderá declarar, previa audiencia do obrigado tributario por un prazo de 10 días, contados a partir da notificación da apertura de dito prazo, se procede ou non a continuación da aplicación do beneficio fiscal. De igual xeito se procederá cando a Administración coñeza por calquera medio a modificación das condicións ou os requisitos para a aplicación do beneficio fiscal.

5. Bonificacións potestativas.

Establécese unha unha bonificación do 95 por cento da cota íntegra do imposto a favor de inmobles nos que se desenvolvan actividades económicas que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Esta bonificación terá unha duración de 3 anos, computados dende o seguinte á alta do inmovible no catastro inmobiliario. Corresponderá dita declaración ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Artigo 5. Réxime xurídico.

No non expresamente previsto na presente ordenanza, rexerán os preceptos contidos na subsección 2.^a, da sección 3.^a, do capítulo II, do título II da referida norma reguladora das facendas locais, concordantes e complementarios da mesma, e nas demais leis do estado reguladoras da materia, así como nas disposicións ditadas para o seu desenvolvemento.

Disposición final.

A presente ordenanza fiscal, aprobada orixinariamente por acordo plenario do 7-9-1989 (BOP do 21-11-1989, con modificacións posteriores por acordos plenarios de 18-7-1995 (BOP 24-10-1995), de 11-2-2003 (BOP 31-3-2003), de 28-9-2007 (BOP 11-12-2007) (BOP 12-6-2008), 15-1-2010 (BOP 24-3-2010), 26-10-2011 (BOP 20-12-2011), 22-7-2015 (BOP 15-9-2015) e 26-4-2016 (BOP 5-7-2016), e na presente modificación por acordo plenario do 29-3-2023, entrará en vigor, en canto a tal modificación, no día seguinte ao da súa publicación no BOP, sendo de aplicación a partir do 1-1-2024, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

O que se publica para coñecemento xeral, en cumprimento dos artigos 49 e 131 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, comunicando que contra este acordo, que é definitivo en vía administrativa, cabe interpoñer, conforme ao establecido no art. 19 do R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, o recurso **CONTENCIOSO - ADMINISTRATIVO** diante da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (A Coruña), no prazo de **2 MESES**, contados a partir do día da presente publicación, na forma prevista no art. 45 e seguintes da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Todo elo sen prexuízo de que se poida exercitar calquera outro recurso que estimen procedentes os interesados.

Irixoa, 21 de xuño de 2023

O ALCALDE

Antonio Deibe Sanmartín